

EXPLICACIÓN GRUPOS ECONOMÍA 1º POR 1ª VEZ

No grao en Economía só hai un grupo teórico. Impártese na quenda de mañán.

Ese grupo subdivídese, á súa vez en 3 grupos prácticos, dado que as clases prácticas se imparten de xeito máis personalizado, normalmente, en espazos máis pequenos, nos que non caben máis de 25 persoas: GLA1, GLA2 Y GLA3.

GL quere dicir “grupo de laboratorio”.

A diferenza entre eses grupos, no que respecta aos horarios, é que, mentres nun grupo están impartindo clases dunha materia, noutro imparten clases doutra.

A asignación do alumnado aos grupos, unha vez que todo o alumnado solicitou a súa preferencia no momento de facer a matrícula, faina o sistema ao comezo do curso, en función da nota de selectividade acadada polo alumnado e das preferencias de cada un.